

Pequena canción de amor

*En Monforte, amiga miña,
arraigou o noso querer.
¡Foi roseira pequeniña
denantes de recender!*

*En Monforte, miña amiga,
agromou o noso amor.
¡E foi semente e espiga
de desmedido grandor!*

*En Monforte, miña amada,
froleceu o amor noso.
¡E comezou sendo nada
e fíxose poderoso!*

*En Monforte, amada miña.
¡Tivo que ser en Monforte!
¡O noso amor, queridiña,
que cada día é máis forte!*

Manuel María, Cancioneiro de Monforte de Lemos (1991)

Ordeamento e axuda



Dona Saleta Goi

V Certame de poesía en lingua galega

Manuel María



Casa de Galicia en Gipuzkoa

V Certame de poesía en lingua galega

Manuel María

Bases do certame

- 1º O poema estará escrito en lingua galega e terá un máximo de noventa versos e un mínimo de corenta. Admitiranse conxuntos de poemas de temática común sempre que non excedan dos cen versos.
- 2º O poema enviarase nun sobre sen remitente nin indicación algunha referente a personalidade do autor ao seguinte enderezo:

Casa de Galicia en Gipuzkoa
V Certame de poesía "Manuel María"
Rúa Zabaleta, 28 - baixo
20002 - San Sebastián (Gipuzkoa)

Dentro, noutro sobre, pechado figurará exteriormente o primeiro verso do poema e no interior do mesmo sobre constará o nome, enderezo, número do DNI, teléfono, e enderezo electrónico do autor.
- 3º As obras que se presenten deberán ser inéditas.
- 4º Os poemas enviaranse por triplicado sen grampar nin encadernar antes do día 30 de abril de 2017.
- 5º A organización nomeará un xurado composto por persoeiros relevantes da creación e da crítica e daranse a coñecer no momento de facerse público o fallo do xurado.
- 6º Os premios fallaranse o 3 de xuño de 2017 dentro dos actos de celebración do Día das Letras Galegas. Os poemas premiados serán editados pola Casa de Galicia en Gipuzkoa na forma e no lugar que se estime axeitado.
- 7º Os premios consistirán en:
1º premio: 400 euros
2º premio: 200 euros
3º premio: 100 euros
- 8º Os premios publicaranse na web da Casa de Galicia en Gipuzkoa unha vez realizado o fallo por parte do xurado.
- 9º O feito de participar supón aceptar a resolución do xurado así como as bases do certame. O xurado poderá declarar deserto algún premio.
- 10º A Casa de Galicia en Gipuzkoa resérvase os dereitos de publicar calquera dos traballos presentados ao concurso na forma ou no medio que estime axeitado.
- 11º Non se devolverán os orixinais.